



Asunto: CONVOCATORIA DA AVALIACIÓN DA PRODUCCIÓN DE INVESTIGACIÓN DO ANO 2016
(PI 2016)

Con esta comunicación iniciase o proceso para a avaliación da Produción de Investigación do ano 2016, detallándose os criterios, o procedemento e a documentación acreditativa requirida, nos Anexos I, II e III, respectivamente. Estes documentos están tamén dispoñibles na web da Universidade.

As actividades a realizar polas Unidades de apoio á investigación e transferencia dos diversos ámbitos, en coordinación cos departamentos que correspondan, serán as seguintes:

1. Xestionar a introdución dos datos dos méritos a avaliar na aplicación informática SUXI-XC
2. Recoller e verificar a documentación acreditativa dos méritos
3. Validar os méritos introducidos na aplicación para os que se solicita a avaliación. O acto de validación na aplicación pode ser realizado polas Unidades de apoio á investigación e transferencia, pero os departamentos serán os responsables de indicar qué méritos deben ser validados; para o análise de méritos e toma de decisións, os departamentos poderán establecer calquera mecanismo interno que consideren axeitado
4. Remitir por correo electrónico á dirección auvincv@uvigo.es o listado definitivo de méritos validados cuxa avaliación se solicita, que se descarga como arquivo Excel ou pdf da aplicación informática, coa sinatura do/a secretario/a ou director/a de departamento que corresponda en cada caso, como confirmación do visto bo do Consello de Departamento como se require nos criterios de avaliación da PI 2016. Para o relativo ao visto bo do departamento, poderán establecerse mecanismos internos de delegación coa aprobación do Consello, se procede. A remisión deste listado dentro do prazo establecido para elo é obrigatoria, e os datos remitidos deben corresponder aos introducidos na aplicación informática

Adicionalmente, tamén por correo electrónico á dirección auvincv@uvigo.es e dentro do mesmo prazo, enviaranse os formularios e documentación adicional que se desexe aportar para apoiar á Comisión de Investigación na categorización de editoriais (Anexo IV). O envío desta información é opcional; a Comisión utilizará por defecto a información pública dispoñible sobre as editoriais para a súa categorización

A documentación quedará en depósito nos departamentos e/ou as Unidades de apoio á investigación e transferencia ata o 31 de decembro de 2018, data límite establecida pola Vicerreitoría de Investigación e Transferencia para a comprobación por mostraxe dos méritos avaliados.

Para o desenvolvemento do proceso utilizarase a aplicación informática SUXI-XC (Sistema Unificado de Xestión de Investigación-Xestión Curricular).

Vigo, 6 de outubro de 2017

A VICERREITORA DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA



María Asunción Longo González